



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO FÍSICA E QUÍMICA

CURSO 2019-2020

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A Física e Química son ciencias de gran importancia presentes nunha parte moi ampla dos ámbitos da nosa sociedade, con múltiples aplicacións noutras áreas científicas como Medicina, Tecnoloxía de materiais e de alimentos, medio ambiente, telecomunicacións,...

A ensinanza da Física e Química xoga un papel central do desenvolvemento intelectual do alumnado e comparte, co resto das disciplinas, a responsabilidade de promover neles a adquisición de competencias necesarias para integrarse na sociedade de forma activa. Ambas disciplinas deben concienciar de que os coñecementos científicos integranse no saber humanístico que debe formar parte da cultura básica de tódolos cidadáns e, por suposto, deben transmitirles que a ciencia está en cont´nua construción e revisión e que eles poden contribuir ós seus avances. Para concretar estas expectativas, a ensinanza da Física e Química debe incentivar un aprendizaxe contextualizado que relacione os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico; que establezca a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade; que potencie a argumentación verbal, así como resolver problemas con precisión e rigor.

Para conseguir estes propósitos os profesores deste departamento non escatimaremos o noso esforzo e adicación.

A presente programación para o curso 2019-20 rexérase pola Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) así como polos Decretos do Currículo de ESO e Bacharelato de Galicia.

Esta programación, estará a disposición dos alumnos, pais e titores para ser consultada. Establece os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis, os procedementos e instrumentos de avaliación, e criterios de cualificación de cada unha das materias impartidas polo departamento e se dará a coñecer aos alumnos, unha vez entregada esta programación á Dirección do IES.

A continuación, na táboa seguinte, indícasen os conceptos clave, coas súas definicións, que se inclúen na programación de cada unha das materias do departamento.

2.- CONCEPTOS CLAVE (Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)

Desenvolvemento curricular	2º nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábles. Poden concretarse a través dos indicadores de logro

Criterios de cualificación

Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. (O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superara a materia (Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. (Galicia non os menciona)
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o "o valor" que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fiixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . "Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente" (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a

OUTROS ASPECTOS

Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)
Avaliación das competencias	"A avaliación do grao de adquisición das completencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º,3 da Orde ECD 65/2015)
Nivel de desempeño das competencias.	... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1 : B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	Exemplo: XH B1.1 .2 XH: Abreviatura da área: Xeografía e Historia B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

2. CONTEXTUALIZACIÓN. PLAN ACTUACIÓN

1.- Contexto do centro

Características do centro:

Situación : R/ Orquídea, 45, 27004-Lugo

Centros adscritos

CEIP de Casás

CEIP Menéndez Pelayo

Ensinanzas que oferta o centro : ESO e Bacharelato

Características singulares

O centro está situado nunha zona periférica da cidade, de contorna socioeconómica media-baixa con abundancia de vivendas sociais.

* Características do alumnado:

Lingua materna dominante

Castelán e galego.

Alumnado con NEAE no curso actual

1º ESO:

- 3 alumnos con A.C. acuden a aula de pedagogía terapéutica . están exentos de francés e están en Agrupamento específico.
- 2 alumnos con TDAH
- 2 agrupamentos específicos con 8 e 7 alumnos respectivamente.

2º ESO

- 2 alumnos con AC. acuden a aula de pedagogía terapéutica . están exentos de francés e están en Agrupamento específico.
- 1 alumno con dislexia e dislalias.
- 1 alumno con TDAH.
- 2 agrupamentos específicos con 5 alumnos cadun.

3º ESO

- Agrupamentos específicos: 1 AG
- 1 alumno con trastorno do desenvolvemento : Asperger
- 1 alumno con altas capacidades.

4º ESO

- 1 alumno con trastorno do desenvolvemento : Asperger
- 1 alumno con altas capacidades.

2º BAC

- 1 alumno con TDAH.

Aula de autismo

4 alumnos con trastorno do desenvolvemento TEA

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos.

Outras características

Poboación de etnia xitana: unha altísima porcentaxe non adoita rematar a ESO.

Poboación inmigrante: número non relevante de alumnos/as, en xeral ben integrados.

2.- Plan de actuación.

Os profesores deste departamento queremos facer algunhas consideracións compartidas entre nós e que son importantes no ámbito das materias que impartimos, como son entre outras:

1.- O feito de que a Lei aborde na ESO contidos experimentais que se expresan nos estándares de aprendizaxe, nos que se require un traballo experimental de laboratorio, sen que vaia acompañado dos recursos correspondentes, tanto en desdobres de laboratorio (por seguridade non deben entrar en no laboratorio máis de 20 alumnos, que xa son moitos) como en material de laboratorio, fan difícil que tódolos alumnos poidan abordar estes aprendizaxes experimentais cunhas mínimas garantías de éxito.

2.- Neste curso 19/20 por acordo do claustro de profesores decidiuse suprimir os Programas de Mellora de Aprendizaxe (PMAR) en 2º e 3º ESO, sendo substituídos por grupos de reforzo que, no caso da nosa materias, dispoñemos de 2 grupos de reforzo de Física e Química 2º ESO e 1 grupo de reforzo de Física e Química de 3º ESO, destinados a alumnos con problemas de aprendizaxe, nos que, ao ser un número sensiblemente inferior ao do grupo de referencia, permite unha atención máis individualizada.

3.- Os contidos de Física e Química de 1º de Bacharelato son demasiados amplos para a carga horaria establecida polo que se fará complicado o logro de tódolos estándares establecidos.

Aínda así, os profesores deste departamento, levaremos a cabo o noso traballo con entrega e profesionalidade mantendo a nosa pretensión de que o alumnado adquira as bases propias da cultura científica, incidindo nos fenómenos que estruturan o mundo natural, nas leis que o rexen e a expresión matemática destas leis. Poñeremos toda a nosa intención en que obteñan unha visión racional e global do noso entorno coa que poidan abordar os problemas actuais relacionados coa vida, saúde, medio ambiente e aplicacións tecnolóxicas, insistiremos en que se expresen con corrección e comprendan a linguaxe científica, que sexan rigorosos nos seus plantexamentos e intentaremos fomentar neles o desexo de formarse no futuro coma bos científicos.

3.- DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA: ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO:

1.- Ensinanzas asignadas ao Departamento: No presente curso 2018-19 temos asignado ó Departamento de Física e Química os seguintes grupos, cos seguintes profesores responsables:

- 1.- Física e Química de 2º ESO: 4 grupos
 - M^a Carmen Meilán Garrido : 3 grupos
 - Belén Villar Martínez: 1 grupo + 2 agrupamentos.

- 2.- Física e Química 3º ESO: 4 grupos
 - M^a Carmen Meilán Garrido: 2 grupos + 1 agrupamento.
 - Belén Villar Martínez: 1 grupo.
 - José Manuel Traseira Meilán: 1 grupo.

- 3.- Física e Química 4º ESO: 2 grupos
 - José Manuel Traseira Meilán , 2 grupos

- 4.- Ciencias Aplicadas Actividade Profesional 4º ESO
 - Belén Villar Martínez: 1 grupo.

- 5.- Física e Química 1º BAC: 2 grupos.
 - M^a Carmen Meilán Garrido: 1 grupo.
 - José Manuel Traseira Meilán: 1 grupo.

- 6.- Física 2º BAC: 1 grupo.
 - Xosé Xabier Díaz Fernández : 1 grupo.

- 7.- Química 2º BAC: 2 grupos.
 - Belén Villar Martínez: 1 grupo.
 - José Manuel Traseira Meilán: 1 grupo .

2.- Reunións de Departamento:

As reunións do Departamento de Física e Química terán a periodicidade de 1 hora semanal, que será os luns de 11,30h a 12,20 h.